

## **NOTA DE PRENSA**

# **Profesionais Galegos da Atención Psicolóxica ás Persoas Maiores celebran o “Día do maior”**

---

*Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017* – O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) homenaxea o “Día do maior”, que se celebra o 1 de Outubro de cada ano, organizando a **2ª Xuntanza de especialistas en Psicoloxía do Envellecemento** o próximo día 30 de Setembro, baixo o lema **“Facendo camiño en psicoxerontoloxía: consensos básicos sobre avaliación”**.

O acto, que se iniciará ás 10.00 horas **no salón de actos do COPG**, pretende dar continuidade á primeira das xuntanzas celebrada en xuño do presente ano, e nas que se pretende discutir e consensuar procedementos de avaliación e intervención psicolóxica nos servizos de atención a persoas maiores. Os obxectivos principais destes encontros son basicamente dous. Por unha banda, crear un espazo para que os psicólogos e psicólogas que traballan neste ámbito compartan experiencias e dificultades na práctica diaria e, por outra, crear unha rede profesional de apoio que permita detectar necesidades, propoñer solucións e analizar a súa eficacia.

Estas xuntanzas están organizadas polo Grupo de Traballo en Psicoloxía do Envellecemento, pertencente á Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG. É un grupo de profesionais colexiados especialistas no ámbito das persoas maiores, que traballan tanto no campo aplicado coma no da docencia e investigación. Entre os seus cometidos, vén realizando labores de orientación e asesoramento aos colexiados e colexiadas do ámbito, de organización e desenvolvemento de actividades formativas así como outras actividades no eido da psicoloxía do envellecemento.

**Saúdos,**

**Se desexas ampliar a información, podes contactar co Departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

981 534 049 / 699 908 968 / [comunicacion@copgalicia.gal](mailto:comunicacion@copgalicia.gal)